

SUBVENCIÓN PARA RENOVACIÓN DE FACHADAS.

Bases reguladoras para a concesión de subvencions en réxime de concorrencia non competitiva, para a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes.

ORDE do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencions, en réxime de concorrencia non competitiva, para a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN316A).

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151231/AnuncioG0424-291215-0001_es.pdf

PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES: Dende o 20/01/2016 ata o 20/04/2016.

FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:


- Vía electrónica: <https://sede.xunta.es> (Require DNI electrónico, ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

OBXETO DA SUBVENCIÓN:

As subvencions reguladas por estas bases teñen por obxecto fomentar a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes contribuíndo a embelecer o tecido construtivo galego cun material de fácil colocación e respectuoso co ambiente a vez que se mellora a eficiencia enerxética.

CUSTOS SUBVENCIONABLES:

1. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.
Consideraranse custos subvencionables, aqueles gastos que se xeren e que sexan directamente imputables ás actuacións de rehabilitación de fachadas con granito, en concreto:
 - Custos de memorias básicas, informes técnicos e certificados necesarios, ou proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
 - Custos de licenzas.
 - Custos de desmontaxe do material de fachada ou envolvente existente.
 - Custos dos materiais: granito, morteiros e adhesivos, ancoraxes e sistemas de ancoraxe e o material illante.
 - Custos de man de obra civil e instalacións auxiliares necesarias para a montaxe da nova envolvente de granito.
2. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.
A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse xunto coa solicitude, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.
3. Permítese a subcontratación total ou parcial, polo beneficiario das actuacións subvencionables, sempre que se axusten ás previsións dispostas no artigo 27 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencions de Galicia.
4. Para as actuacións incluídas nesta convocatoria, o custo subvencionable máximo será de:
 - 110 € por m² no caso de fachadas pegadas de granito.
 - 140 € por m² no caso de fachadas trasventiladas de granito.
 - 130 € por m² no caso de fachadas de perpiaño de granito.



5. Con carácter xeral, a contía da subvención será do 40 % dos custos totais subvencionables (IVE incluído, cando tal imposto sexa subvencionable) cun máximo de:

- a) 12.000 € por vivenda unifamiliar illada.
- b) 40.000 € por edificio de vivendas en bloque.

DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN: 14 de Novembro de 2016 (inclusive).

MAIS INFORMACIÓN:

Páxina web oficial da consellería: <http://economiaeindustria.xunta.es>.

Os teléfonos da devandita dirección xeral: 981 95 70 92 ou 981 95 72 59.

O enderezo electrónico: cei.dxiem.axudasminas@xunta.es

